



## 2 Galicia é a comunidade autónoma que máis actuacións inclúe no seu Plan anual de emprego, o que supón un 20% do total estatal

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para dar conta do Plan anual de política de emprego (PAPE)

Esta folla de ruta inclúe un total de 88 medidas -45 propias-, o que supón que un de cada cinco programas para a emprego das comunidades autónomas se desenvolverá en Galicia

## 12 A Xunta dá luz verde á nova carteira de servizos de inclusión social que contará con máis prestacións e garantirá a atención urgente

Entre os novos servizos, Feijóo destaca o servizo de acollida básica, que ofrece un recurso residencial de media-longa estancia a persoas en situación de grave deterioración persoal e social e non vinculados a un proxecto de inclusión sociolaboral

Tamén se creará o servizo de formación adaptada, que está concibido como unha acción positiva destinada a compensar con procesos de formación as desvantaxes asociadas a factores de vulnerabilidade

## 8 Informe do paro rexistrado

Galicia pecha maio con 7.780 persoas desempregadas menos que en abril e acumula dezanove meses de descensos interanuais

<b>Sumario</b>	Traballo	2-9	Política social	10-12
	Accidentes laborais	7	Xuventude e voluntariado	13-15
	Informe do paro rexistrado	8-9	Publicacións e normativa	16-26
	As novas extráense da páxina web da Xunta de Galicia <a href="http://www.xunta.es">www.xunta.es</a>			
<b>Créditos</b>	Edita: Consellería de Traballo e Benestar			
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas			
	Coordinación: Pepa Dabán Royo			
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces			
ISSN: 2254-7835				



## 15 Publicada no DOG a convocatoria do certame Xuventude Crea con premios para 11 especialidades artísticas

## 16 Publicacións

Catálogo de publicacións na web



Execución de medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores

Estatística 2014

XUNTA DE GALICIA



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no Pleno do Parlamento  
Autor: Xoán Crespo

## Galicia é a comunidade autónoma que máis actuacións inclúe no seu Plan anual de emprego, o que supón un 20% do total estatal

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para dar conta do Plan anual de política de emprego (PAPE)
- ▶ Esta folia de ruta inclúe un total de 88 medidas -45 propias-, o que supón que un de cada cinco programas para a emprego das comunidades autónomas se desenvolverá en Galicia
- ▶ A Xunta destinará este ano 164 millóns para o emprego, 12 millóns máis que o ano pasado
- ▶ Os principais eixos do PAPE son: orientación, formación, oportunidades de emprego, igualdade no acceso ao mercado laboral, emprendemento e mellora do marco institucional
- ▶ Nesta planificación inclúense os dous novos plans acordados en xaneiro con patronal e sindicatos: Garantía xuvenil e Activación para o emprego
- ▶ Tamén forma parte do PAPE o Plan de emprego xuvenil, posto en marcha en 2014, e que xa beneficiou a preto de 48.000 mozos e mozas, o 50 por cento do previsto para dous anos.

**Santiago de Compostela, 26 de maio de 2015.-** A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, sinalou que Galicia é a comunidade autónoma que máis programas ten incluídos no seu Plan anual de políticas de emprego (PAPE), que se debe presentar todos os anos ante o

Estado. En concreto, dos 442 programas de todas as comunidades autónomas, corresponden a Galicia un total de 88 -dos que 45 son propios-, un 20 por cento do total estatal. Isto é, un de cada cinco programas para o emprego das comunidades autónomas desenvolverase en Galicia.

Así o destacou hoxe a titular do departamento autonómico durante a súa comparecencia no Parlamento galego para dar conta do PAPE. Na súa intervención, recordou que Galicia recibirá este ano do Estado case 114 millóns de euros para políticas activas de emprego, un 14 por cento máis que no ano anterior. Este aumento débese á boa execución do programa de emprego do ano pasado, xa que parte do orzamento se reparte segundo os obxectivos cumpridos.

As 88 medidas do PAPE agrúpanse ao redor de seis eixos de actuación principais: orientación, formación, oportunidades de emprego, igualdade no acceso ao mercado laboral, emprendemento e mellora do marco institucional. En total, Galicia contará este ano con 164 millóns destinados ao emprego, 12 millóns máis do que se prevía cando se elaboraron os orzamentos.

Mato fixo un repaso polas medidas concretas máis destacadas, entre as que salientou especialmente as referidas á formación, ás que se destinarán case 70 millóns de euros, dos que 40 serán específicos para persoas desempregadas. Nesta partida tamén se inclúen os obradoiros de emprego, dos que por primeira vez haberá unha convocatoria específica para menores de 25 anos; a formación dual; os programas integrados ou a formación para ocupados.

Outra das grandes novidades presentes no PAPE é a orde de contratación para preceptores da RISGA, que se convocou por vez primeira o pasado ano e que este ano se amplía ata os 10 millóns de euros, duplicando así o orzamento de 2014.

A conselleira destacou tamén a relevancia dos procesos de recoñecemento da experiencia

profesional, en canto Galicia foi a "primeira comunidade autónoma en apostar decididamente por este tipo de acreditación". Ata agora, téñense realizado sete convocatorias con preto de 10.000 prazas en especialidades como atención sociosanitaria, redeiras ou o control de pragas. Ata agora, 5.000 persoas obtiveron o certificado completo a través desta modalidade. De feito, este esforzo permitiu que Galicia fose proposta en Madrid como sede dun seminario de boas prácticas nesta materia.

O fomento do emprendemento é outro dos eixos fundamentais do PAPE, e conta en 2015 cun orzamento de 27 millóns de euros. Desde 2009, o departamento autonómico apoiou máis de 20.000 autónomos. Ademais, Galicia foi pioneira en ofrecer financiamento para a contratación do segundo e do terceiro traballador.

### Novos plans de emprego

O PAPE incorpora tamén os innovadores programas que a Xunta pactou con patronal e sindicatos o pasado mes de xaneiro:

a Garantía xuvenil e Programa de activación para o emprego para parados de longa duración con cargas familiares.

Mato lembrou que, a estas dúas iniciativas, se suma o Plan de emprego xuvenil -complementario ao de Garantía xuvenil-, que empezou a funcionar en 2014. Así, ao longo do pasado ano, este paquete de medidas beneficiou uns 48.000 mozos e mozas, aproximadamente o 50 por cento dos beneficiarios previstos para dous anos, polo que o balance da execución "é positivo". Entre

outras actuacións destacadas ao abeiro deste plan, a conselleira mencionou a atención personalizada e orientación proporcionada a máis de 8.000 mozos que nin estudan nin traballan; ou os incentivos á contratación concedidos a máis de 1.500 persoas.

En definitiva, concluíu a conselleira, "a Xunta puxo en marcha medidas importantes en materia de emprego e a folia da ruta que debe seguir a partir de agora é continuar traballando para mellorar a situación de todos os desempregados galegos".

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos\\_Estandar/programa\\_activacion\\_emplego.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/programa_activacion_emplego.pdf)

[http://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar\\_empleo/normativa/politicas\\_activas\\_empleo.html](http://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar_empleo/normativa/politicas_activas_empleo.html)



<http://planemplegojuvenil.xunta.es/>



## Mato eloxia o papel “fundamental” de emprendedores e autónomos como “motor económico” de Galicia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou no acto de entrega dos premios Onda Emprende 2015
- ▶ Apostou pola innovación e a excelencia como factores “diferenciais”
- ▶ Destacou iniciativas de apoio como a orde específica para mozos e mozas autónomos, ou a primeira Lei do emprendemento de Galicia.

**A Coruña, 7 de maio de 2015.-** A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, eloxiou o papel “fundamental e imprescindible” de emprendedores e autónomos como “motor económico” de Galicia.

Así o destacou durante a súa participación no acto de entrega dos premios Onda Emprende 2015 que, segundo considerou, “axudan a dotar o emprendemento do recoñecemento social e relevancia que merecen”.

Mato valorou que as tres empresas premiadas reúnen características “esenciais e diferenciais” para o futuro de Galicia: innovación, excelencia e o máximo aproveitamento das novas tecnoloxías.

En Galicia hai actualmente

máis de 225.000 traballadores por conta propia, o que representa preto do 25 por cento do total de afiliados á Seguridade Social na comunidade. Isto sitúa a Galicia como a autonomía na que os emprendedores e autónomos ocupan a maior porcentaxe dentro do conxunto da afiliación, máis de sete puntos por riba da media estatal.

Por iso, para continuar apoiando este colectivo e tamén os novos emprendedores, o Goberno galego está traballando de xeito transversal coordinado para ofrecer un “apoio integral” desde a Administración autonómica.

Así, entre outros avances, tense desenvolvido a primeira Lei do emprendemento de Galicia, que pretende facilitar solucións, a través



Beatriz Mato nos premios Onda Emprende 2015

de medidas como a eliminación de licenzas municipais de obra e actividade.

Ademais, a Consellería de Traballo e Benestar blindou o orzamento destinado a autónomos e cooperativas en 2015, con 27 millóns de euros. Grazas a este compromiso anual, desde 2009 subvencionáronse máis de 20.000 autónomos. Dentro desta liña de actuación, o ano pasado convocouse por primeira vez unha orde específica para mozos e mozas

autónomos, enmarcada no Plan de emprego xuvenil para menores de 30 anos. A súa principal novidade é unha axuda directa de 1.200 euros que, sumada á tarifa plana estatal de 50 euros, garante que os mozos e mozas que se dean de alta como autónomos teñan totalmente subvencionada a Seguridade Social durante o primeiro ano.

En definitiva, concluíu Mato, “o noso apoio aos emprendedores foi, e será o máximo, porque eles son a base do crecemento sustentable”.

## Traballo promoverá os proxectos de cooperativismo do eido cultural, social e creativo na feira Zinc Shower 2015 en Madrid

- ▶ O Consello Galego de Cooperativas estivo presente nunha das feiras das industrias culturais e creativas máis innovadora a nivel estatal
- ▶ O evento contou con máis de 200 relatores nacionais e internacionais, 7.000 profesionais, 45 investidores, 85 startups e máis de 120 actividades relacionadas co emprendemento, a tecnoloxía ou a economía colaborativa.

**Santiago de Compostela, 7 de maio de 2015.-** A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e o Consello Galego de Cooperativas, estivo presente nunha edición máis do Meeting Show da Economía Creativa e Colaborativa, ZINC SHOWER 2015, que se celebrou no Centro de Creación Contemporánea Matadero, en Madrid.

O Consello Galego de Cooperativas aproveitou a súa presenza na feira para promover, apoiar

e reforzar a acción cultural e os proxectos de empresas do ámbito cultural, social e creativo, ofrecéndolles unha oportunidade para amosar todo o seu potencial e propiciando novas oportunidades de comercialización e colaboracións empresariais.

Zinc Shower é neste momento unha das feiras das industrias culturais e creativas máis innovadora do panorama estatal, unha cita de referencia na que, a través do Consello Galego de Cooperativas,

estiveron presentes as cooperativas Rexenerando, Inprega, 7h cooperativa cultural, Xeneme proxectos sociais, Dezdedez e o Cable Inglés. Os participantes na feira presentaron proxectos que tiñan como punto de partida unha idea empresarial baseada na economía social. O sector da cultura como o da economía social teñen varios puntos en común. Ambos usan como base do seu funcionamento o fomento da creatividade das persoas, a continua comunicación que realizan co seu contexto social á hora de desenvolver as súas actividades e propostas, a aposta por modelos de organización cada vez máis horizontais, e o compromiso ético

coa realidade social e a comunidade onde se inscriben.

As cooperativas e sociedades laborais participantes, xunto co Consello Galego de Cooperativas, presentaron en Zinc Shower un programa completo de actividades que inclúe, entre outros, obradoiros, un espectáculo músico-teatral e a presentación dos proxectos de cada empresa.

O stand do Consello Galego de Cooperativas contou con máis de 200 relatores nacionais e internacionais, 7.000 profesionais, 45 investidores, 85 startups e máis de 120 actividades relacionadas co emprendemento, a tecnoloxía, as tendencias, a creatividade, a innovación, a economía colaborativa e o crowdfunding.

## Publicadas no DOG as axudas para o fomento do cooperativismo na rede Eusumo ás que Traballo destina máis dun millón de euros

**Santiago de Compostela, 5 de maio de 2015.-** O Diario Oficial de Galicia (DOG) vén de publicar a orde de axudas para fomentar o cooperativismo que inclúe tres programas diferentes: o primeiro para o fomento e consolidación de cooperativas e sociedades laborais; o segundo para concellos e entidades locais; e, o terceiro, posto en marcha de maneira novedosa o ano pasado, para incentivar a efectiva participación na Rede Eusumo de entidades sen ánimo de lucro, fundacións e asociacións, cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais. A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano máis dun millón de euros nesta iniciativa.

Como novidade, este ano priorizaranse as propostas dirixidas á inclusión social e laboral de persoas en risco de exclusión no primeiro e no terceiro programa. Todas estas accións deberán estar executadas antes do 30 de setembro de 2015.

En canto ás entidades xa adheridas á Rede Eusumo, trátase de apoialas para a realización de actividades para a promoción do cooperativismo e a economía social. Deste xeito, poderán recibir o 80 por cento dos gastos para a realización de actividades, unha axuda que non poderá exceder de 6.000 euros por beneficiario.

Entre as actuacións que se poderán subvencionar, destacan actividades divulgativas, formativas e de asesoramento, especialmente as que estean encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo a través desta rede, que puxo en marcha o departamento autonómico en 2012 para promover o cooperativismo.

O segundo programa está destinado a incentivar a participación dos concellos e outras entidades locais de Galicia (áreas metropolitanas, mancomunidades, consorcios locais e agrupacións dun mínimo de catro concellos dunha mesma zona) na promoción do cooperativismo, subvencionando os gastos derivados da creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo, así como a realización de actividades.

Subvencionarase, en concreto, a creación dunha soa oficina por beneficiario, que deberá integrarse na Rede Eusumo. Tamén se financiará a contratación de persoal técnico asesor en materia de fomento cooperativo a tempo completo cunha contía máxima de 2.000 euros e o alugamento de locais con ata 250 euros ao mes.

A contía máxima por beneficiario non poderá exceder de 28.000 euros, un límite que poderá incrementarse ata os

- ▶ Esta actuación estrutúrase en tres programas: de fomento e consolidación de cooperativas e sociedades laborais; para concellos e entidades locais; e para incentivar a efectiva participación de entidades sen ánimo de lucro, fundacións e asociacións, cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar priorizará, como novidade, as propostas dirixidas á inclusión social e laboral de persoas en risco de exclusión.

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150505/AnuncioCA05-240415-0008\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150505/AnuncioCA05-240415-0008_gl.pdf)



37.600 euros por concello adicional a partir de catro. A execución das accións deste programa deberán estar realizadas antes do 30 de setembro de 2015.

### Asociacións cooperativas

O último programa que inclúe esta convocatoria de axudas da Consellería de Traballo e Benestar está dirixido ao fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

A través desta actuación subvencionáronse parcialmente os gastos normais de funcionamento destes organismos con contías máximas por beneficiario de 150.000 euros; a realización de actividades de promoción

ou procesos formativos de persoal, así como a elaboración de proxectos de intercooperación e o desenvolvemento de actividades de emprendemento realizadas en rede de carácter informativo, formativo ou de asesoramento encamiñadas a fomentar o cooperativismo a través da Rede Eusumo con axudas de ata 200.000 euros por beneficiario. Todas estas accións deberán estar executadas antes do 30 de setembro de 2015.

Na actualidade hai máis de 1.200 cooperativas activas na Comunidade, un 10% máis que nesa data, que superan os 90.000 socios e xeran máis de 21.000 postos de traballo. Desde 2009 creáronse 324 cooperativas

[www.eusumo.coop](http://www.eusumo.coop)



## Traballo avoga por reforzar os mecanismos de inspección como garantía para protexer os cidadáns que cumpren a legalidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a xuntanza da comisión de seguimento do acordo existente entre a Inspección de Traballo e Seguridade Social de España e a Autoridade para as Condicións do Traballo de Portugal para o intercambio de información e cooperación
- ▶ O protocolo recolle seis ámbitos de actuación prioritarios e seis compromisos esenciais relacionados coa seguridade e saúde no traballo, o permiso de traballo de cidadáns extracomunitarios ou intercambio de información sobre os fluxos de traballadores, entre outros
- ▶ En Galicia continúa a apostar polo reforzo da actividade inspectora e, en total, para 2015 hai previstas 37.547 ordes de servizo, un 0,5% máis que en 2014
- ▶ Estas ordes están estruturadas en catro áreas: dúas de competencia autonómica (a prevención de riscos laborais e o emprego e as relacións laborais) e dúas de competencia estatal (a seguridade social e a economía irregular)

**Santiago de Compostela, 22 de maio de 2015.** A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou a "grande importancia" que o departamento autonómico outorga á inspección de traballo "porque incide directamente na calidade de vida dos traballadores e das súas familias".

Beatriz Mato presidiu a décima xuntanza da comisión de seguimento do acordo, asinado en 2003 entre a Inspección de Traballo e Seguridade Social de España e a Autoridade para as Condicións do Traballo de Portugal para o intercambio de información e cooperación.

O encontro tivo lugar en Santiago e, na súa intervención, avogou por reforzar os mecanismos de inspección e velar por que se desenvolvesen da mellor maneira posible desde un punto de vista positivo de protexer os cidadáns e aqueles que cumpren estritamente a legalidade.

Neste sentido, a titular de Traballo explicou que "están en xogo materias tan importantes como a saúde e a seguridade laboral; as condicións de traballo ou as cotizacións á Seguridade Social", así como que "debemos defender o principio básico de igualdade, combatendo a competencia desleal que supón a economía somerxida".

Mato engadiu que en Galicia se continúa apostando polo reforzo da

actividade inspectora. En total, para 2015 hai previstas 37.547 ordes de servizo, un 0,5% máis que en 2014. Estas ordes están estruturadas en catro áreas: dúas de competencia autonómica (a prevención de riscos laborais e o emprego e as relacións laborais) e dúas de competencia estatal (a seguridade social e a economía irregular).

A conselleira valorou que a colaboración entre administracións "é absolutamente fundamental para acadar a máxima eficacia e eficiencia da actividade inspectora" e, neste sentido, destacou a vivencia e a relevancia do acordo que asinaron España e Portugal en 2003, do seu desenvolvemento e do seguimento que está realizando esta comisión.

O acordo recolle seis ámbitos de actuación prioritarios e seis compromisos esenciais: seguridade e saúde no traballo, para intercambiar información en materia de prevención de riscos laborais respecto ás empresas do país veciño que operen en territorio propio; accidentes de traballo, para informar a autoridade inspectora do país veciño do resultado da investigación de accidentes que afecten traballadores de empresas do dito país, así como das medidas adoptadas como consecuencia deles.

En terceiro lugar, aborda o permiso de traballo de cidadáns extracomunitarios, que recolle o



Beatriz Mato na xuntanza da comisión  
Autor: Ana Varela

compromiso de solucionar as diverxencias atopadas nas respectivas lexislacións con respecto á existencia dun permiso de traballo dos cidadáns extracomunitarios contratados por empresas de Portugal; ou as actuacións comprobatorias previas e procedemento sancionador con empresas domiciliadas no país veciño, co obxectivo de colaborar coa autoridade inspectora no caso de que houberse dificultades de localización da sede social dunha empresa ou da identificación do representante legal.

En quinto lugar, o convenio recolle o intercambio de información sobre os fluxos de traballadores

que se desprazan para unha prestación de servizos transnacional, que acoden diariamente ao outro lado da fronteira, e que se trasladan por un período de dous ou tres meses no sector agrícola. Por último, o sexto compromiso supón a cooperación e asistencia derivada da directiva europea sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, que pretende levar a cabo un control e intercambio recíproco de información sobre as empresas con desprazamentos transnacionais de traballadores, así como a identidade dos ditos traballadores.

<http://www.empleo.gob.es/itss/web/index.html>



## Galicia rexistrou no mes de abril un total de 1.947 accidentes laborais

- ▶ Do total dos accidentes, 2.017 foron accidentes leves, 26 graves e 5 mortais.
- ▶ Por sectores, descendieron os accidentes na pesca nun 20,44% e na construción nun 15,08%

**Santiago de Compostela, 31 de maio de 2015.** O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en abril aumentou nun 4,90%. Neste mes rexistráronse 1.947 accidentes fronte aos 1.856 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 1.910 foron accidentes leves, 26 graves e 11 mortais.

Por sectores, descendieron os accidentes na pesca nun 24,11%, na construción nun 10,04%, e na agricultura nun 1,12%. Aumentaron nos demais sectores: nos servizos nun 6,61% e na industria nun 16,63%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas contingencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, aumentou un 2,44% en abril deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Houbo aumentos nos seguintes sectores: na agricultura do 0,38%, nos servizos do 3,51% e na industria do 15,35%. As diminucións foron: na construción do 13,85% e na pesca do 21,25%.

A sinistralidade laboral aumentou un 4,34% nos primeiros catro meses do ano, cun total de 7.792 accidentes laborais fronte aos 7.468 no mesmo período do ano 2014.

Este aumento dos accidentes laborais non se produciu en todas as provincias. Houbo un aumento do 13,45% en Pontevedra e do 0,34% na Coruña. En Lugo diminuíu nun 0,49% e en Ourense nun 0,51%.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de abril de 2015:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	68	21	89	66	22	88	-2,94	4,76	-1,12
Pesca	107	5	112	75	10	85	-29,91	100,00	-24,11
Industria	402	91	493	468	107	575	16,42	17,58	16,63
Construción	237	2	239	213	2	215	-10,13	0,00	-10,04
Servizos	487	436	923	487	497	984	0,00	13,99	6,61
<b>Totais</b>	<b>1.301</b>	<b>555</b>	<b>1.856</b>	<b>1.309</b>	<b>638</b>	<b>1.947</b>	<b>0,61</b>	<b>14,95</b>	<b>4,90</b>

Accidentes totais en xornada laboral de xaneiro a abril:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	255	92	347	274	99	373	7,45	7,61	7,49
Pesca	429	49	478	330	41	371	-23,08	-16,33	-22,38
Industria	1.567	348	1.915	1.759	408	2.167	12,25	17,24	13,16
Construción	905	10	915	863	9	872	-4,64	-10,00	-4,70
Servizos	1.986	1.827	3.813	2.150	1.859	4.009	8,26	1,75	5,14
<b>Totais</b>	<b>5.142</b>	<b>2.326</b>	<b>7.468</b>	<b>5.376</b>	<b>2.416</b>	<b>7.792</b>	<b>4,55</b>	<b>3,87</b>	<b>4,34</b>

Accidentes totais por provincias de xaneiro a abril:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	2.388	1.097	3.485	2.399	1.098	3.497	0,46	0,09	0,34
Lugo	569	254	823	573	246	819	0,70	-3,15	-0,49
Ourense	528	252	780	511	265	776	-3,22	5,16	-0,51
Pontevedra	1.657	723	2.380	1.893	807	2.700	14,24	11,62	13,45
<b>Totais</b>	<b>5.142</b>	<b>2.326</b>	<b>7.468</b>	<b>5.376</b>	<b>2.416</b>	<b>7.792</b>	<b>4,55</b>	<b>3,87</b>	<b>4,34</b>

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/index.html>

## Informe do paro rexistrado

### Galicia pecha maio con 7.780 persoas desempregadas menos que en abril e acumula dezanove meses de descensos interanuais

#### Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2015.-

Galicia rexistrou no mes de maio un descenso do desemprego de 7.780 persoas, o que supón 3,18 por cento menos, a segunda maior baixada mensual da serie histórica (estadísticas desde 1996). Con este dato, xa se acumulan catro descensos intermensuais consecutivos do desemprego no que vai de ano. Así, o número de inscritos nas oficinas de emprego é actualmente de 236.981 persoas.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, valorou que a evolución do desemprego este mes volve situar a Galicia por riba da media estatal

a nivel interanual, unha situación que se leva producindo nos últimos quince meses. Neste mes, tamén se supera á media a nivel mensual.

Ademais, puxo en valor que xa se acumulan máis de ano e medio de descensos consecutivos interanuais, e que o deste mes foi o maior de todos eles en termos absolutos e relativos. En concreto, este mes a baixada foi de 26.463 persoas (-10,05%) con respecto a maio do pasado ano.

Seguindo coa análise interanual, destacou que o descenso rexistrado este mes é o maior de toda a serie histórica en termos absolutos, e se se computa en relativos, o maior desde 1999.

Con esta evolución, sinalou Díaz López, Galicia volve a niveis de desemprego inferiores aos de 2011, "ou o que é o mesmo, a niveis de paro máis baixos que os de hai catro anos".

En España, o desemprego baixou en 117.985 persoas, un 2,72 por cento, ata situarse nos 4.215.031 parados. En termos interanuais, o paro en España baixou nun 7,82%.

Por sectores, o desemprego baixa en todos eles, pero a principal diminución destes mes concéntrase no sector servizos (-4.954). A continuación sitúase a industria (-1.184), que é, ademais, o que rexistra o maior descenso

en termos relativos. Séguenlle a construción (-1.103), o colectivo sen emprego anterior (-297), e a agricultura e a pesca (-242)

Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, especialmente en Pontevedra (-3.344), seguida pola Coruña (-2.684), Lugo (-1.056) e Ourense (-696).

#### Contratos

Na evolución dos contratos, este mes rexistráronse un total de 68.273 contratos, 1.093 máis que no mes anterior. Deste total, 4.971 foron indefinidos (7,28%), e 63.302 temporais (92,72%). No eido dos contratos, tamén se rexistra unha interanual positiva do 8,88%.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	93.207	-2.684	-2,80	-9.935	-9,63
Lugo	22.983	-1.056	-4,39	-3.311	-12,59
Ourense	26.440	-696	-2,56	-2.294	-7,98
Pontevedra	94.351	-3.344	-3,42	-10.923	-10,38
<b>Galicia</b>	<b>236.981</b>	<b>-7.780</b>	<b>-3,18</b>	<b>-26.463</b>	<b>-10,05</b>
<b>España</b>	<b>4.215.031</b>	<b>-117.985</b>	<b>-2,72</b>	<b>-357.354</b>	<b>-7,82</b>

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
Lugo	11.037	11.946	22.983
Ourense	12.193	14.247	26.440
Pontevedra	42.909	51.442	94.351
<b>Galicia</b>	<b>109.531</b>	<b>127.450</b>	<b>236.981</b>
<b>España</b>	<b>1.931.160</b>	<b>2.283.871</b>	<b>4.215.031</b>

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:


	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	TOTAL
Lugo	1.331	21.652	22.983
Ourense	1.604	24.836	26.440
Pontevedra	5.272	89.079	94.351
<b>Galicia</b>	<b>13.100</b>	<b>223.881</b>	<b>236.981</b>
<b>España</b>	<b>370.741</b>	<b>3.844.290</b>	<b>4.215.031</b>

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:



	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Andalucía	1.006.591	-8.084	-0,80	-31.107	-3,00
Aragón	95.547	-4.091	-4,11	-6.395	-6,27
Asturias	92.786	-1.648	-1,75	-5.817	-5,90
Illes Balears	58.832	-7.924	-11,87	-9.005	-13,27
Canarias	251.941	-2.075	-0,82	-22.471	-8,19
Cantabria	44.595	-1.211	-2,64	-6.974	-13,52
Castilla-La Mancha	222.016	-7.594	-3,31	-24.309	-9,87
Castilla y León	201.259	-7.203	-3,46	-26.125	-11,49
Catalunya	531.899	-21.075	-3,81	-60.405	-10,20
Valencia	488.371	-14.161	-2,82	-49.087	-9,13
Extremadura	124.358	-4.374	-3,40	-13.785	-9,98
<b>Galicia</b>	<b>236.981</b>	<b>-7.780</b>	<b>-3,18</b>	<b>-26.463</b>	<b>-10,05</b>
Madrid	475.184	-16.097	-3,28	-45.679	-8,77
Murcia	130.613	-5.344	-3,93	-8.309	-5,98
Navarra	44.676	-1.694	-3,65	-4.480	-9,11
País Vasco	161.507	-5.934	-3,54	-13.360	-7,64
La Rioja	22.309	-1.493	-6,27	-3.103	-12,21
Ceuta	13.375	-30	-0,22	134	1,01
Melilla	12.191	-173	-1,40	-614	-4,80
<b>TOTAL</b>	<b>4.215.031</b>	<b>-117.985</b>	<b>-2,72</b>	<b>-357.354</b>	<b>-7,82</b>

Fonte: SEPE, 2015. Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Evolución do paro:



#### VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA (Mes en curso – igual mes do ano anterior)



## Benestar destaca o recoñecemento da UE ao programa 'Mentor' para a inserción social e laboral de menores

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, clausurou o 'IV Máster en Intervención e Emancipación de Mozos e Mozas en Dificultade e Conflito Social'
- ▶ A futura Lei de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia recolle a obriga da Administración de preparar para a vida independente os mozos e mozas ex tutelados, "cuestión na que somos pioneiros co desenvolvemento do programa Mentor"
- ▶ Esta iniciativa ten por obxectivo principal capacitar estes mozos para a súa integración social.

### Santiago de Compostela, 26 de maio de 2015.-

A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, destacou o "importantísimo recoñecemento da Unión Europea como experiencia de boa práctica" ao programa Mentor, que desenvolve a Consellería de Trabajo e Benestar en colaboración directa con Ixaxes-3, e que conta con financiamento nun 80 por cento do Fondo Social Europeo. Esta iniciativa está destinada aos mozos e ás mozas maiores de 16 anos con algunha medida de protección ou que cumpran unha medida xudicial por infracción penal.

Amparo González clausurou o 'IV Máster en Intervención e Emancipación de Mozas e Mozas en Dificultade e conflito social', organizado pola Universidade de Santiago e por Ixaxes-3 na capital

galega, e indicou que "tanto as administracións públicas como as entidades de iniciativa social dedican todos os recursos posibles e toda a ilusión á protección dos nenos e nenas privados dos cuidados da súa familia ou que se atopan nunha situación de conflito social".

Neste sentido, engadiu que a futura Lei de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia recolle a obriga da Administración de preparar para a vida independente os mozos e mozas ex tutelados, "cuestión de gran transcendencia social e na que somos pioneiros na nosa comunidade autónoma co desenvolvemento do programa Mentor".

Esta iniciativa ten por obxectivo principal capacitar estes mozos para a súa integración social e construír un futuro para eles no momento que abandonen o

sistema de protección. Ofrecése-lles educación e formación tendo a empregabilidade como horizonte; créaselles redes de apoio para a súa inclusión e dáselles o máximo apoio para comezar un proceso de autonomía e empoderamento. Desde a súa posta en marcha, beneficiou máis de 2.500 mozos e mozas e máis de 600 acadaron un posto de traballo. O departamento autonómico destinou máis de 10,4 millóns de euros ao desenvolvemento deste programa desde 2009

González felicitou os alumnos que finalizaron o máster e sinalou que "co seu esforzo e a súa ilusión farán máis doado o paso á vida

adulto de aqueles que o teñen máis difícil". "Precisamente o momento máis crítico na etapa da vida dos menores é o tránsito da adolescencia á vida adulta, sendo un período de cambios e de incertezas, pero tamén é unha etapa de expectativas e ilusións e na que as mozas e mozos teñen enerxía abondo para intentar o que cada un se propoña", aseverou.

A directora xeral concluíu que "é enriquecedor saber que poderemos contar con equipos humanos preparados, que nos axudarán a fortalecer os nosos recursos e chegar a quen o necesite con maiores garantías de calidade".

<http://www.programamentor.org/?lang=ES>



## Benestar defende a "intervención educativa" como un elemento esencial para os menores que cumpren medidas xudiciais

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, inaugurou a xornada "Educar hoxe en contextos diferenciados".

### A Coruña, 21 de maio de 2015.-

A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, inaugurou a xornada "Educar hoxe en contextos diferenciados", organizada pola Asociación Arela e a Fundación Barrié, no marco do programa Educativo Katorce18, que ten como obxectivo chegar a Lei do menor a distintos colectivos,

nomeadamente adolescentes, pais e nais, e profesionais do sector.

González considerou que resulta "imprescindible" informar os menores das posibles consecuencias dos seus actos, como medida preventiva co fin de evitar que cometan condutas constitutivas de infracción penal, así como tamén é "importante" informar as familias e os profesionais

que traballan na súa educación dos diferentes tipos de medidas que os xulgados poden impoñer, e do carácter educativo destas.

Así, aclarou que a Lei do menor vai dirixida á educación da persoa infractora, polo que a intervención educativa é un "elemento esencial" na execución das medidas. De aí que sexa "fundamental dotar os profesionais da formación necesaria para mellorar a súa capacitación e actualizar os seus coñecementos",

co fin de que poidan abordar as dificultades que se lles poidan presentar no seu labor diario.

"Debemos continuar traballando desde unha perspectiva preventiva e de educación en valores para que o número de delitos e faltas que cometan os menores sexa cada vez menor", apuntou González, quen asegurou que programas como este e o labor diario de todos os profesionais "axudan a acadar este obxectivo".

## Mato aposta por poñer en valor a experiencia empresarial e vital dos maiores para construír un "futuro positivo, sólido e duradeiro"

**A Coruña, 7 de maio de 2015.-** A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, apostou por poñer en valor a experiencia dos maiores galegos, tanto a nivel empresarial como vital, en canto constitúe un valor "imprescindible para que o futuro que estamos construíndo sexa positivo, solidario e duradeiro".

Así o destacou na Coruña, durante a clausura do Fórum Leadership Sénior, unha xornada innovadora que completa a oferta do IV Encontro para o desenvolvemento do liderado e a creatividade.

Durante a súa intervención, a titular do departamento autonómico considerou que "non podemos permitírnos desaproveitar ou perder o talento, o coñecemento e a experiencia" dos maiores. Ao contrario, proseguíu, "o importante é que se compartan cos máis mozos e mozas, un aspecto para o que son fundamentais as relacións interxeracionais".

Nesta liña de actuación, Mato apuntou que se está desenvolvendo un programa novo en colaboración co Círculo de Empresarios de Galicia: o Círculo de Valor Sénior. Esta iniciativa pretende que a experiencia empresarial acumulada polos maiores de 55 anos axude os mozos emprendedores a través de asesoramento e acompañamento.

Outra iniciativa pioneira na materia é o programa "Vida activa tras a xubilación", no que tamén participa a Consellería. Consiste nunha serie de charlas con persoas xubiladas nas que se expoñen as numerosas posibilidades que teñen longo de deixar de traballar, e nas que se lles facilitan os contactos coas asociacións que levan a cabo estas actividades.

Neste mesmo marco de participación e de envellecemento activo, cabe salientar outras actuacións como o voluntariado sénior que mellora a vida comunitaria, ao tempo que os participantes incrementan a súa

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, clausurou na Coruña o Fórum Leadership Sénior



Beatriz Mato durante a clausura do Fórum Leadership Sénior

propia calidade de vida. Segundo os expertos, o voluntariado para maiores presenta beneficios para a saúde física, mental e na propia auto percepción.

Tamén existe unha ampla oferta de educación permanente a través de programas como Universidade Sénior ou as Aulas da Terceira Idade, e unha rede de 44 centros sociocomunitarios por toda

Galicia no que se organizan actividades para promover a autonomía persoal, o ocio ou as habilidades sociais.

En definitiva, concluíu Mato, "debemos manter o noso compromiso co papel activo e participativo das persoas maiores de Galicia, seguir fomentando a solidariedade interxeracional, e desterrando os tópicos que se asocian aos maiores".

## Feijóo subliña que Galicia se sitúa á cabeza das comunidades con máis deducións fiscais para favorecer a natalidade

- ▶ Afirmo que esta iniciativa se complementa con outras medidas como o incremento nun 70% do número de prazas públicas de escolas infantís; o teletraballo para os empregados públicos e o incremento do permiso de paternidade
- ▶ Aínda que recoñeceu que o envellecemento da poboación é un problema común ao resto de España e de Europa, incide no compromiso do Goberno galego nesta materia.

### Santiago de Compostela, 6 de maio de 2015.-

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou no Pleno do Parlamento que Galicia se sitúa á cabeza das comunidades autónomas con máis deducións fiscais para favorecer a natalidade, cun aumento este ano da dedución fiscal ata os 1.200 euros anuais no caso do segundo fillo, e ata os 2.400 no caso do terceiro ou sucesivo.

En resposta ás preguntas do grupos parlamentarios, Feijóo resaltou que esta iniciativa se complementa con outras medidas como o incremento nun 70% do número de prazas públicas de escolas infantís "e por primeira vez estamos na ratio europea de 33 prazas por cada cen nenos"; a implantación da flexibilidade horaria e o teletraballo para os empregados públicos; e o incremento do permiso de paternidade.

Aínda que recoñeceu que o problema do envellecemento da poboación é un problema común ao resto de España e de Europa,

o titular do Executivo autonómico incidiu no compromiso do Goberno galego nesta materia, reflectido no Plan de dinamización demográfica.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/axudas?content=>



## A Xunta dá luz verde á nova carteira de servizos de inclusión social que contará con máis prestacións e garantirá a atención urxente

- ▶ Entre os novos servizos, Feijóo destaca o servizo de acollida básica, que ofrece un recurso residencial de media-longa estancia a persoas en situación de grave deterioración persoal e social e non vinculados a un proxecto de inclusión sociolaboral
- ▶ Tamén se creará o servizo de formación adaptada, que está concibido como unha acción positiva destinada a compensar con procesos de formación as desvantaxes asociadas a factores de vulnerabilidade

**Santiago de Compostela, 7 de maio de 2015.-** O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou que o Consello da Xunta vén de dar luz verde á nova carteira de servizos de inclusión social que contará con máis prestacións e garantirá a atención urxente.

Ademais de incorporar novos servizos, Feijóo explicou que esta iniciativa busca sistematizar o conxunto de servizos e de prestacións que existen actualmente para atender as persoas e familias en situación de vulnerabilidade,

pobreza ou exclusión social, "converténdose nunha ferramenta pioneira a nivel estatal porque temos unha carteira de servizos concreta, con prestacións concretas para todos os servizos sociais da comunidade".

O titular da Xunta fixo fincapé en que o obxectivo é superar a perspectiva dun modelo de atención reducido a unha suma de programas e equipamentos, para adoptar unha metodoloxía que teña no centro de todos as persoas e os factores que provocan as súas situacións de vulnerabilidade.

Entre os novos servizos, Feijóo destacou o servizo de acollida básica, que ofrece un recurso residencial de media-longa estancia a persoas en situación de grave deterioración persoal e social, que non estean vinculados a un proxecto de inclusión sociolaboral, e que non dispoñan efectivamente dun fogar; e o recurso de atención urxente, que garantirá unha resposta inmediata a unha situación de emerxencia social que se produza fóra do horario de funcionamento dos servizos tradicionais.

Así mesmo, afirmou que tamén se creará o servizo de formación adaptada, que está concibido como unha acción positiva destinada a compensar con procesos de formación as desvantaxes asociadas a factores de vulnerabilidade.

O responsable autonómico subliñou que a nova carteira inclúe tamén novos recursos complexos;

é dicir, a través da combinación doutras prestacións xa existentes, co fin de proporcionar unha atención integral ás necesidades das persoas. "Trátase de iniciativas como por exemplo o servizo integral de inclusión sociolaboral, que vincula a atención residencial ao desenvolvemento de proxectos de inclusión laboral; ou o servizo de apoio á inclusión en procesos terapéuticos", precisou.

Cómpre salientar que, ademais destas novidades, se incorporarán outras como as melloras cualitativas en servizos xa existentes ao incluír como obrigatorias prestacións como a consigna no servizo de atención nocturna, ou a entrega de material de hixiene na prestación da ducha.

"En definitiva, trátase dunha mellora que repercutirá na sociedade en xeral, pero moi especialmente

no colectivo en risco de exclusión social ou vulnerabilidade; e tamén nas entidades que traballan con este colectivo, ao contar agora cun marco de referencia, cuns estándares mínimos de calidade, e con novos servizos innovadores para dar resposta ás carencias detectadas", aseverou o presidente do Executivo autonómico.

Feijóo concluíu lembrando que esta carteira forma parte do proceso de implantación do 'modelo de carteiras' na prestación dos servizos sociais, que a Xunta está a impulsar. Non en van, dentro deste cambio de paradigma xa se ten publicado a carteira de servizos de atención á dependencia, que entrou en vigor en novembro de 2013; xa comezou o informe da carteira de servizos á familia e estase a traballar na carteira de servizos para persoas con autonomía.

## A Xunta reforza o seu compromiso coas entidades de iniciativa social, cun 40 por cento máis de axudas este 2015 que no ano anterior

- ▶ O titular da Xunta avanza que "a Xunta investirá 5,2 millóns de euros, o que supón un 40 por cento máis do que investía no ano 2014 e un 62 por cento máis do que se investía en 2013"
- ▶ Destaca que esta liña será, por primeira vez, plurianual, e o período subvencionable estenderase desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de marzo de 2016
- ▶ Pon en valor que a Xunta vai dedicar un 35 por cento máis á partida específica para albergues, comedores e centros de acollida que na convocatoria do ano 2014: dous millóns de euros
- ▶ Entre as actuacións que apoiarán estas axudas, Feijóo refírese a aquelas dirixidas á cobertura de necesidades básicas, a proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios básicos, á atención para a inclusión social e acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión social ou para a poboación inmigrante.

**Santiago de Compostela, 28 de maio de 2015.-** O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou o compromiso social da Xunta cunha nova liña de axudas para entidades de iniciativa social de Galicia. Como especificou, "a Xunta investirá 5,2 millóns de euros, o

que supón un 40 por cento máis do que investía no ano 2014 e un 62 por cento máis do que se investía en 2013". "Estamos no terceiro ano consecutivo no que se incrementa o orzamento destinado ás asociacións que se comprometen coa inclusión social", engadiu.

Na rolda de prensa do

Consello, Feijóo explicou que esta liña será, por primeira vez, plurianual, co obxectivo de dar resposta ás demandas das propias entidades, facilitando un prazo maior para que executen as súas actuacións.

Logo de destacar que o período subvencionable se estenderá desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de marzo de 2016, Feijóo subliñou que este ano vólvese garantir, ademais, que todos os comedores, albergues e centros de acollida recibirán subvención, sempre que contén con autorización oficial da Xunta. "De feito -precisou-, imos dedicar un 35 por cento máis a este tipo de iniciativas que na convocatoria do ano 2014: dous millóns de euros en total".

Así mesmo, lembrou que estas novas medidas se unen ás xa incorporadas o pasado ano, como

incluir a posibilidade de que as entidades poidan pedir anticipos da subvención para o desenvolvemento das súas actividades de inclusión, ou o feito de unir tres liñas de axuda nunha soa convocatoria, o que permite unha maior axilidade na tramitación dos expedientes.

Entre as actuacións que apoiarán estas axudas, Feijóo referiuse a aquelas dirixidas á cobertura de necesidades básicas, a través de subvencións aos centros de inclusión e emerxencia social (albergues, centros de acollida, comedores sociais...). Do mesmo xeito, tamén se investirá en proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios básicos, na atención para a inclusión social e acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión social ou para a poboación inmigrante.

Ademais de prestar atención ao compoñente territorial das dinámicas de exclusión, subvencionando actuacións en territorios que padecen exclusión territorial severa por causa da dispersión, perda de poboación ou dificultades de comunicación, darase especial relevancia tamén aos procesos vinculados á inclusión social activa, en consonancia co que se recolle na Estratexia para a inclusión de Galicia 2014-2020, consensuada con todos os operadores de iniciativa social.

"En definitiva, neste ano 2015 estamos investindo 70 millóns de euros, o que supón un 17,7 por cento máis que no ano 2014", destacou o mandatario galego, referíndose á partida destinada ás persoas e grupos de poboación en situación ou risco de exclusión social.

## Publicada no DOG a convocatoria de 223 prazas en residencias xuvenís dependentes de Tráballo para o curso 2015/2016

**Santiago de Compostela, 8 de maio de 2015.-** O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Tráballo e Benestar para o curso 2015-2016. Son un total de 223 prazas: 74 no centro residencial xuvenil "Lug" de Lugo, 55 na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense e 94 na de Altamar de Vigo.

Todas as prazas son en réxime de internado, o que inclúe aloxamento e mantenza. Ademais, nas tres instalacións ofrécense unha serie de actividades convivenciais e educativas.

Poderán ser beneficiarios os mozos e mozas que reúnan os seguintes requisitos: ter os 16 anos cumpridos e non superar os 30 na data do 31 de decembro de 2015; posuír nacionalidade española, pertencer a un país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España e non ter perdido a condición de residente por causa imputable á persoa solicitante.

No caso dos estudantes son requisitos específicos: cursar estudos de bacharelato, de ciclos formativos de grao medio ou superior, ou estudos universitarios cuxa oferta non estea dispoñible no

- ▶ As prazas distribúense entre o Centro Residencial Xuvenil "Lug" en Lugo, a Residencia Florentino López Cuevillas de Ourense e a de Altamar de Vigo
- ▶ Os beneficiarios, de entre 16 e 30 anos, deberán estar cursando algún ciclo formativo ou estudos universitarios.

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150508/AnuncioCA05-290415-0001\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150508/AnuncioCA05-290415-0001_gl.pdf)



concello onde radique a residencia familiar do participante.

Ademais, o 9% das prazas están reservadas para mozos e mozas traballadores que teñan o seu posto nun concello distinto ao da súa residencia familiar.

Á hora de adxudicar as prazas, teranse en conta os seguintes baremos xenéricos: a antigüidade na residencia; a renda da unidade familiar; a situación de familia numerosa; a condición de orfandade do solicitante; discapacidade de calquera membro da unidade familiar; a residencia, segundo sexa dentro ou fóra de Galicia; estar en estado de xestión no caso das mulleres; ser vítimas de violencia de xénero ou que os seus proxenitores a sufrisen; ter un irmán con praza renovada na residencia; ter condición de familia monoparental; e a situación laboral

de desemprego sen prestación económica do pai ou nai.

O período máximo de estadia das persoas beneficiarias será de 11 meses, entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de xullo de 2016. A cota mensual será de 324 euros. O prazo de presentación das solicitudes é de 15 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

### 15 prazas de colaboradores bolseiros

Este mesmo mes a Consellería de Tráballo e Benestar convocou 15 prazas de colaboradores-bolseiros nestas tres residencias xuvenís: 4 en Lugo, 5 en Ourense, e 6 en Vigo. Os seus beneficiarios contarán con aloxamento e mantenza gratuítos a cambio de desenvolver labores de dinamización xuvenil

<http://xuventude.xunta.es/albergues-e-residencias.html>



## Comeza o programa de voluntariado ambiental nas Illas Atlánticas no que participarán preto de 400 persoas

- ▶ Un grupo de seis voluntarios iniciaron na Illa de Ons o Programa de voluntariado ambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas
- ▶ Os participantes executarán 2.000 xornadas de acción voluntaria nas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada
- ▶ As accións que realizarán centraranse especialmente na colaboración cos técnicos do propio Parque Nacional en tarefas de oceanografía e recursos mariños, fauna, flora e biodiversidade
- ▶ Nas illas Cíes desenvolveranse actuacións específicas: dar apoio ás persoas con diversidade funcional que visitan a illa; e un campo de traballo que contará con catro quendas de 12 días de duración cada unha.

**A Illa de Ons (Pontevedra), 5 de maio de 2015.-** Un grupo de seis voluntarios iniciaron na Illa de Ons o Programa de voluntariado ambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Nesta iniciativa poderán participar ata o mes de setembro un total de 376 voluntarios e voluntarias maiores de 16 anos, aínda que os menores de idade só poderán tomar parte coa autorización dos pais. Os participantes executarán 2.000 xornadas de acción voluntaria nas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

Esta actividade permite canalizar, a través do voluntariado, a participación activa da sociedade

no coidado e na conservación deste refuxio da biodiversidade, ao tempo que permite aos voluntarios gozar do parque e dos seus valores, así como axudar nas tarefas de recuperación dos ecosistemas dos arquipélagos das illas.

Os voluntarios e voluntarias teñen cuberta a manutención, o aloxamento, o material necesario para a actividade e contan cun seguro de accidentes e de responsabilidade civil e, ademais, ao finalizar a actividade obterán un certificado acreditativo da acción que realicen, que será inscrita como experiencia no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

Este programa de voluntariado ambiental conta nesta edición con catro accións diferentes. No mes de maio, a illa de Ons conta con grupos de 6 persoas voluntarias en quendas de 5 días, de luns a venres.

En xuño, xullo e agosto, as illas de Sálvora e Cortegada terán grupos de 8 voluntarios en xornadas diarias, sen pernoctar. Os martes saíran do porto do Carril cara a Cortegada ás 12.00 horas, e regresarán ás 19.00 horas. E os xoves, a actividade terá lugar en Sálvora, entre as 10.00 e 18.00 horas, con saída desde Aguiño.

As accións que realizarán en Ons, Sálvora e Cortegada centraranse especialmente na colaboración cos técnicos do propio Parque Nacional en tarefas de oceanografía e recursos mariños, fauna, flora e biodiversidade. Entre outros labores, poderán cooperar na erradicación de especies alóctonas, en apoio ás tarefas de guías e información, na adecuación de sinais indicativos, na reforestación con especies autóctonas ou na limpeza de praias e sistemas dunais.

### Voluntariado nas Illas Cíes

Nas illas Cíes desenvólense dous tipos de accións nos meses de xullo e agosto. Na primeira, o obxectivo principal é dar apoio ás persoas con diversidade funcional que visitan a illa, ofrecéndolles acompañamento tanto nas visitas guiadas a lugares de interese como nos momentos de ocio. Esta actividade terá lugar en quendas de 7 días, de mércores a mércores, e poderán participar tres voluntarios por quenda.

A segunda das accións das Cíes é un campo de traballo que contará con catro quendas de 12 días de duración cada unha. Poderán participar 120 voluntarios de entre 18 e 30 anos de diferentes nacionalidades, xa que é unha actividade de carácter internacional. A actividade que desenvolverán será ambiental e consistirá en labores de mantemento da illa, vixilancia de incendios, traballos de información e sensibilización aos visitantes e intervencións puntuais de mellora no parque.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

The screenshot shows the website interface for 'Voluntariado Galego.org'. At the top, there is a navigation menu with categories like 'Directorio', 'Novas', 'Axenda', 'Formación', 'A súa experiencia', 'Leccións', 'Aconsellamento', and 'Mapa Web'. Below this, there is a section titled 'Novas da Dirección Xeral' with a sub-section for 'XVII Encontro de Voluntariado' held in Santiago de Compostela on May 24, 2014. A calendar for June 2014 is visible, and a photo shows a group of people at a meeting.

## Publicada no DOG a convocatoria do certame Xuventude Crea con premios para 11 especialidades artísticas

**Santiago de Compostela, 6 de maio de 2015.-** O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde pola que se convoca o certame Xuventude Crea 2015, que ten como obxectivo fundamental fomentar a creatividade xuvenil, ao tempo que permite á mocidade manifestar as súas inquedanzas artísticas e culturais.

Os destinatarios desta iniciativa son mozos e mozas de entre 16 e 30 anos, que poderán presentar os seus traballos nalguna das seguintes especialidades: teatro, artes plásticas (pintura e escultura), fotografía, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, moda e deseño de xoias. Agás no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación será sempre a título individual. Todas as obras terán que ser en galego, orixinais e inéditas.

Cada unha das especialidades contará con tres premios: o primeiro, de 3.000 euros; o segundo, de 1.500; e o terceiro, de 1.000 euros. Ademais, seguindo a liña da edición anterior, co obxectivo de axudar a mocidade na súa inserción laboral, o xurado estará composto por profesionais que ocupan postos de decisión en cada un dos sectores implicados no concurso, o que permitirá tamén que os participantes poñan as súas creacións en contacto co mundo empresarial dun xeito directo.

Na especialidade de teatro, un 25% dos compoñentes do grupo pode superar os 30 anos ou ter entre os 14 e 16 anos. As obras poderán ser de autores galegos, españois ou estranxeiros, e a duración non poderá exceder dunha hora e trinta minutos.

As artes plásticas inclúen pintura e escultura. A técnica será libre e, xunto coa documentación que se presenta, cada participante deberá enviar tamén unha fotografía da obra.

No caso da música, poderán participar solistas e grupos de música contemporánea. Admitírase tamén que un 25% dos compoñentes do grupo supere os 30 anos, e poderá superar a idade máxima a persoa que desenvolva a función de acompañamento musical no caso dos solistas.

Pola súa banda, o relato breve deberá presentarse escrito a ordenador, cunha extensión mínima de 5 páxinas e máxima de 10, mecanografiadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas, nun único exemplar.

Na categoría de poesía, o tema e técnica serán libres. Tamén deberán presentarse a ordenador, e terá unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas, e tamén deberán presentarse nun único exemplar.

En canto á videocreación, os participantes só poderán presentar obras que non teñan concedidas axudas económicas da Administración autonómica para a súa realización, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes. O tema será libre, pero deberá dar prioridade aos contidos artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental.

As obras de banda deseñada tamén poderán ser de temática e técnica libre. O formato deberá ser en DIN A-4 ou DIN A-3 e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais. Cada obra deberá levar pseudónimo e título.

Os traballos de graffiti poderán ser individuais ou en grupo (cun máximo de 3 membros) e, de novo, tanto a técnica como o tema serán libres.

- ▶ A orde, dotada con preto de 97.000 euros, busca fomentar a creatividade xuvenil e que a mocidade poida manifestar as súas inquedanzas artísticas e culturais
- ▶ Os destinatarios son mozos e mozas entre 16 e 30 anos que poderán participar nas seguintes especialidades: teatro, artes plásticas, fotografía, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, moda e deseño de xoias
- ▶ Os premios oscilarán entre os 1.000 e os 3.000 euros.

Na categoría de deseño de xoias, a colección estará composta por tres pezas. Xunto coa documentación, o participante deberá presentar unha fotografía de cada unha das tres xoias.

Xa por último, os participantes na categoría de moda deberán presentar unha colección coherente

de 5 modelos de home ou muller. Terá que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos. Os deseños deberán presentarse en láminas de formato DIN A-3, de fronte e de costas. Haberá que engadir unha ficha técnica da colección e mostra dos tecidos que se empregarán na confección.



[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150506/AnuncioCA05-290415-0002\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150506/AnuncioCA05-290415-0002_gl.pdf)



## Catálogo de publicacións na web



### BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar maio 2015, nº 107

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

#### Acceso:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB\\_n\\_107\\_Maio\\_2015.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_n_107_Maio_2015.pdf)



### Execución de medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores: Estatística



A Dirección Xeral de Familia e Inclusión é o órgano competente en Galicia para desenvolver a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000 do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. O exercicio desta competencia organizase a través de dous programas: o Programa de execución de medidas de internamento e o Programa de execución de medidas de medio aberto. Ambos os programas presentan, nun marco formalmente penal, un carácter primordial de intervención educativa, orientada cara á efectiva reinserción e ao superior interese da persoa menor. Esta publicación de periodicidade anual recolle os datos estatísticos de execución destas medidas

#### Acceso:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Execucion\\_medidas\\_xudiciais\\_2014.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Execucion_medidas_xudiciais_2014.pdf)

### Estudo sobre a inclusión de cláusulas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nos convenios colectivos

Análise das distintas propostas de cláusulas que se poden introducir nos convenios colectivos para favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal incidindo especialmente na importancia e beneficios desta conciliación.

#### Acceso:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Conciliacion\\_convenios\\_colectivos.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Conciliacion_convenios_colectivos.pdf)

### Eu son Elvira : Un relato sobre o bo trato ás persoas maiores



Redactado en primeira persoa, a protagonista deste relato narra o día a día nun centro residencial de persoas maiores e dá recomendacións que axudan a mellorar a relación entre usuarios e profesionais. Supón, xa que logo, unha reflexión para os profesionais da xerontoloxía.

#### Acceso:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/EuSonElvira\\_completo.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/EuSonElvira_completo.pdf)

### Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- ▶ BITEB nº 107, maio 2015
- ▶ Manual do alumno. Curso de prevención de trastornos musculoesqueléticos para traballadores do sector da conserva de atún
- ▶ Atención Temperá
- ▶ Risco químico en salóns de peiteado. Os Coñece do Issga. Servizos
- ▶ Risco químico en peluquerías. Os Coñece do Issga. Servizos
- ▶ Xestión forestal e do medio rural: centro integrado de formación profesional Santiago. Ciclo superior
- ▶ Responsabilidade social empresarial en el sector bodeguero de Galicia
- ▶ Responsabilidade social empresarial no sector adeguero de Galicia
- ▶ Chaleco salvavidas (galego)
- ▶ Chaleco salvavidas (castelán)



- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. (DOG nº 82, do 04.05.2015).
- Orde do 21 de abril de 2015 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de persoas colaboradoras-bolseiras para as residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso 2015/16. (DOG nº 82, do 04.05.2015).
- Orde do 24 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, cofinanciadas parcialmente co FSE, e se convocan para o ano 2015. (DOG nº 83, do 05.05.2015).
- Orde do 23 de abril de 2015 pola que se convoca o programa Xuventude Crea. (DOG nº 84, do 06.05.2015).
- Orde do 24 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 85, do 07.05.2015).
- Orde do 24 de abril de 2015 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2015. (DOG nº 85, do 07.05.2015).
- Orde do 27 de abril de 2015 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso 2015/16. (DOG nº 86, do 08.05.2015 e corrección de erros no DOG nº 95, do 22.05.2015).
- Resolución do 4 de maio de 2015 pola que se regula o procedemento de adjudicación de prazas para fillas e fillos do persoal da Xunta de Galicia nas escolas infantís dependentes desta axencia para o curso 2015/16. (DOG nº 88, do 12.05.2015).
- Corrección de erros. Orde do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 89, do 13.05.2015).
- Orde do 4 de maio de 2015 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo. (DOG nº 91, do 18.05.2015).
- Decreto 73/2015, do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia. (DOG nº 92, do 19.05.2015).
- Decreto 74/2015, do 13 de maio, polo que se regula a organización da presenza na internet da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia baixo o dominio de nivel superior .gal. (DOG nº 94, do 21.05.2015).
- Orde do 7 de maio de 2015 pola que se fai pública a resolución da orde de convocatoria de axudas de mobilidade complementarias ás concedidas pola Unión Europea e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no marco do programa comunitario Erasmus+, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2014/15. (DOG nº 94, do 21.05.2015).
- Orde do 18 de maio de 2015 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de finanzas. (DOG nº 95, do 22.05.2015).
- Orde do 18 de maio de 2015 pola que se convoca un proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de finanzas. (DOG nº 95, do 22.05.2015).
- Orde do 15 de maio de 2015 pola que se convoca o concurso Eduemprende Idea 2015, dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidas con fondos públicos. (DOG nº 98, do 27.05.2015).

## Normativa das comunidades autónomas:

### Andalucía

<http://www.juntadeandalucia.es/eboja/>

- Orden de 14 de mayo de 2015, por la que se establece la distribución de las cantidades a percibir por las Entidades Locales para la financiación de los servicios sociales comunitarios en Andalucía correspondientes al ejercicio presupuestario 2015. (BOJA de 19.05.2015)
- Resolución de 19 de mayo de 2015, del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se regula la convocatoria para la participación en el Programa de Campos de Trabajo de Servicio Voluntario para Jóvenes 2015 en Andalucía. (BOJA de 22.05.2015)
- Resolución de 25 de mayo de 2015, del Instituto Andaluz de la Mujer, por la que se amplía el plazo de solicitud de participación como entidad elegible en la convocatoria de las elecciones a las vocalías que, en representación de las organizaciones de mujeres, integran el Consejo Andaluz de Participación de las Mujeres. (BOJA de 28.05.2015).

### Aragón

<http://benasque.aragob.es/>

- Orden de 22 de abril de 2015, del Consejero de Presidencia y Justicia, por la que se crea la Comisión de Participación Infantil y Adolescente de Aragón. (BOA de 05.05.2015)
- Orden de 29 de abril de 2015, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se convocan para el año 2015 las subvenciones reguladas en el Decreto 46/2015, de 26 de marzo, del Gobierno de Aragón, por la que se establece el procedimiento para la concesión de subvenciones destinadas a la financiación del coste salarial para el mantenimiento de los puestos de trabajo ocupados por personas con discapacidad en los centros especiales de empleo de Aragón. (BOA de 08.05.2015)
- Orden de 29 de abril de 2015, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se convocan para el año 2015 las subvenciones reguladas en el Decreto 109/2013, de 25 de junio, del Gobierno de Aragón, por el que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para

el desarrollo de actividades de promoción, fomento y difusión de la economía social en la Comunidad Autónoma de Aragón y para sufragar los gastos de funcionamiento de las entidades asociativas de cooperativas de trabajo asociado, de sociedades laborales y de empresas de inserción. (BOA de 08.05.2015)

- Orden de 6 de abril de 2015, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se modifica la Orden de 17 de febrero de 2015, del citado Departamento, por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de subvenciones públicas para la ejecución de acciones formativas dirigidas prioritariamente a trabajadores desempleados del Plan de Formación para el Empleo de Aragón correspondiente al año 2015, para su adaptación al Real Decreto-Ley 4/2015, de 22 de marzo, para la reforma urgente del Sistema de Formación Profesional para el Empleo en el ámbito laboral. (BOA de 12.05.2015)
- Orden de 21 de abril de 2015, del Consejero de Presidencia y Justicia, por la que se dispone la publicación del convenio de colaboración entre el Instituto Aragonés de Servicios Sociales (IASS) y el Consejo Aragonés de Personas mayores (COAPEMA), para su mantenimiento y realización de actividades durante 2015. (BOA de 20.05.2015).

### Asturias

<http://www.asturias.es/bopa>

- Resolución de 14 de abril de 2015, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones a favor de instituciones colaboradoras de integración familiar y otras entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas dirigidos a la infancia y las familias en el ámbito de los Servicios Sociales Especializados. (BOPA de 05.05.2015)
- Resolución de 25 de marzo de 2015, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se aprueban las normas reguladoras para la concesión de las ayudas del ticket del autónomo para facilitar el inicio de la actividad autónoma recogidas en el Programa Integral para el Fomento de la Cultura Emprendedora, previsto en el Acuerdo por el Empleo y el Progreso de Asturias. (BOPA de 06.05.2015)

- Resolución de 30 de abril de 2014, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se abre plazo de presentación de solicitudes relativas a la concesión de las ayudas del ticket del autónomo para facilitar el inicio de la actividad autónoma recogidas en el Programa Integral para el Fomento de la Cultura Emprendedora, previsto en el acuerdo por el Empleo y Progreso de Asturias 2013-2015. Estas subvenciones podrán estar cofinanciadas con cargo al Programa Operativo del Fondo Social Europeo del Principado de Asturias 2014-2020. (BOPA de 06.05.2015)
- Resolución de 23 de abril de 2015, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se dispone la publicación de sanción por infracción muy grave en materia de prevención de riesgos laborales. (BOPA de 07.05.2015)
- Resolución de 30 de abril de 2015, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria pública de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva de la Consejería de Economía y Empleo para las entidades locales del Principado de Asturias en el año 2015. (BOPA de 08.05.2015)
- Resolución de 27 de abril de 2015, del Servicio Público de Empleo, por la que se aprueban las bases reguladoras complementarias de la concesión de becas y ayudas al alumnado desempleado participe en acciones de formación para el empleo y prácticas formativas no laborales gestionadas por el Servicio Público de Empleo del Principado de Asturias. (BOPA de 08.05.2015)
- Resolución de 7 de mayo de 2015, de la Consejería de Presidencia, por la que se ordena la publicación de la Adenda al Convenio de Colaboración suscrito entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, y el Ayuntamiento de... para el desarrollo de las prestaciones básicas del sistema público de servicios sociales. (BOPA de 15.05.2015, 18.05.2015, 19.05.2015)
- Resolución de 8 de mayo de 2015, de la Consejería de Presidencia, por la que se ordena la publicación de la Adenda al Convenio de Colaboración suscrito entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, y el Ayuntamiento de...

para la encomienda de gestión de la prestación de los servicios de ayuda a domicilio y de teleasistencia para personas dependientes. (BOPA de 25.05.2015, 27.05.2015)

- Resolución de 10 de abril de 2015, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se aprueban bases reguladoras de la concesión de subvenciones a empresas radicadas en el Principado de Asturias por la celebración de contratos en prácticas. (BOPA de 27.05.2015)
- Resolución de 22 de mayo de 2015, del Servicio Público de Empleo, por la que se aprueba la convocatoria 2015 de subvenciones a empresas del Principado de Asturias por la celebración de contratos en prácticas formalizados con jóvenes inscritos en el Sistema Nacional de Garantía Juvenil. (BOPA de 27.05.2015).

### Islas Baleares

<http://www.caib.es/boib/?lang=es>

- Resolución del Secretario General de la Consejería de Familia y Servicios Sociales de 16 de abril de 2015 por la que se publica el Acuerdo de 15 de abril de 2015 de encomienda de gestión a la Fundación Instituto Socioeducativo S'Estel de varias actuaciones derivadas de la ejecución de la normativa vigente en materia de justicia juvenil, protección de menores y familia. (BOIB de 02.05.2015)
- Resolución del consejero de Economía y Competitividad y presidente del SOIB, de 5 de mayo de 2015, por la cual se aprueba la convocatoria de subvenciones con el objeto de financiar especialidades formativas dirigidas prioritariamente a trabajadores desocupados de inglés A1, A2, B1, B2 y C1, y la convocatoria informativa dirigida al alumnado desocupado para la solicitud de ayudas y becas, para el periodo 2015-2016. (BOIB de 09.05.2015)
- Resolución de la consejera de Familia y Servicios Sociales de 11 de mayo de 2015 por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones destinadas a entidades privadas sin ánimo de lucro que desarrollan programas en materia de servicios sociales. (BOIB de 12.05.2015)

- Resolución del consejero de Economía y Competitividad de 12 de mayo de 2015 por la que se aprueba la convocatoria para conceder ayudas destinadas a promocionar el empleo autónomo. (BOIB de 16.05.2015)
- Decreto 37/2015, de 22 de mayo, de aprobación de los Estatutos del Servicio de Empleo de las Illes Balears. (BOIB de 23.05.2015)
- Decreto 46/2015, de 22 de mayo de 2015, de modificación del Decreto 125/2010, de 23 de diciembre, de principios generales para la concesión de las ayudas económicas de pago único recogidas en el artículo 27 de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. (BOIB de 23.05.2015)
- Resolución del consejero de Economía y Competitividad de 8 de mayo de 2015 por la que se aprueba la convocatoria para conceder ayudas destinadas a la integración laboral de personas con discapacidad en centros especiales de empleo. (BOIB de 28.05.2015)
- Resolución de la consejera de Familia y Servicios Sociales de 19 de mayo de 2015 por la cual se determinan las condiciones que tienen que cumplir los profesionales de la psicología que quieran formar parte del servicio de atención psicológica en los conflictos intrafamiliares de las Islas Baleares y se establece el procedimiento de intervención psicológica. (BOIB de 28.05.2015)

### Canarias

<http://www.gobiernodecanarias.org/boc/>

- Orden de 5 de mayo de 2015, por la que se aprueban las bases reguladoras de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro de Canarias que tengan como objeto social la atención a personas mayores, dependientes y discapacitados, destinadas a la inversión en la mejora de las condiciones ergonómicas en el trabajo. (BOC de 15.05.2015)

- Orden de 5 de mayo de 2015, por la que se aprueban las bases reguladoras de subvenciones destinadas a financiar proyectos que desarrollen acciones dirigidas a mejorar las condiciones de seguridad y salud en el trabajo en Canarias. (BOC de 15.05.2015)
- Decreto 62/2015, de 23 de abril, por el que se aprueba el Reglamento de Organización y Funcionamiento del Consejo de Políticas de Juventud. (BOC de 15.05.2015)
- Decreto 79/2015, de 14 de mayo, por el que se modifica el Reglamento Orgánico de la Consejería de Presidencia, Justicia e Igualdad. (BOC de 19.05.2015)
- Resolución de 7 de mayo de 2015, de la Directora, por la que se autoriza el gasto y se convocan las subvenciones a conceder por este Organismo en el año 2015, en régimen de concurrencia competitiva, destinadas a fomentar el movimiento asociativo de mujeres de Canarias. (BOC de 19.05.2015)
- Resolución de 18 de mayo de 2015, de la Presidenta, por la que se aprueban las bases reguladoras y la convocatoria del Programa de Fomento del Empleo "Cheque Trabajo" para el ejercicio 2015. (BOC de 21.05.2015)
- Resolución de 18 de mayo de 2015, por la que se convoca el procedimiento de participación para la constitución del Consejo de la Juventud de Canarias. (BOC de 21.05.2015).

### Cantabria

<http://boc.cantabria.es/boces/>

- Decreto 23/2015, de 23 de abril, por el que se establece y regula la concesión de subvenciones para el fomento de la natalidad mediante el apoyo a la maternidad por hijos nacidos o adoptados en Cantabria desde el 1 de enero de 2015. (BOC de 04.05.2015)
- Orden PRE/21/2015, de 23 de abril, por la que se establecen las bases reguladoras y se convocan subvenciones a entidades sin ánimo de lucro, con el fin de impulsar proyectos dirigidos a asistir a mujeres embarazadas y madres con hijos menores de tres años en situación de vulnerabilidad social en el año 2015. (BOC de 04.05.2015)

## Publicacións e normativa

- Orden PRE/24/2015, de 13 de abril, por la que se establecen las bases reguladoras y se convoca el I Certamen Regional de Diseño Gráfico 2015. (BOC de 07.05.2015)
- Orden PRE/25/2015, de 13 de abril, por la que se establecen las bases reguladoras y se convoca el XV Certamen Música Joven de Cantabria 2015. (BOC de 07.05.2015)
- Orden PRE/26/2015, de 13 de abril, por la que se establecen las bases reguladoras y se convoca la VII Muestra Nacional de Jóvenes Diseñadores de Moda Cantabria 2015. (BOC de 07.05.2015)
- Orden PRE/27/2015, de 13 de abril, por la que se establecen las bases reguladoras y se convoca el Certamen Nacional de Arte Joven Pancho Cossio 2015. (BOC de 07.05.2015)
- Orden HAC/18/2015, de 28 de abril, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria para el año 2015 de subvenciones en el ámbito de colaboración con asociaciones, fundaciones y otras instituciones sin ánimo de lucro que desarrollen su actividad en la Comunidad Autónoma de Cantabria para la contratación de personas desempleadas en la realización de servicios de interés general y social. (BOC de 08.05.2015)
- Orden HAC/19/2015, de 5 de mayo, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria para la concesión de las subvenciones para la puesta en marcha de proyectos integrados de empleo con intermediación laboral para los ejercicios económicos 2015 y 2016. (BOC de 14.05.2015)
- Decreto 29/2015, de 7 de mayo, por el que se regula el procedimiento de concesión directa de subvenciones destinadas a incentivar la estabilidad en el empleo y la contratación indefinida de personas en situación de desempleo en la Comunidad Autónoma de Cantabria, cofinanciadas por el Fondo Social Europeo. (BOC de 21.05.2015)
- Orden HAC/22/2015, de 18 de mayo, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria de subvenciones para la implantación del Proyecto Objetivo Cero Accidentes de Trabajo: Integración de la prevención de riesgos laborales. (BOC de 26.05.2015)

- Orden HAC/21/2015, de 18 de mayo, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria de subvenciones destinadas a fomentar las actividades de entidades dedicadas a la prevención de riesgos laborales. (BOC de 26.05.2015)
- Orden HAC/20/2015, de 18 de mayo de 2015, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria para el año 2015 de subvenciones destinadas al fomento del empleo y mejora de la competitividad en las cooperativas y sociedades laborales, y a financiar gastos de organización interna y funcionamiento de las asociaciones de cooperativas, de sociedades laborales y de asociaciones de trabajadores autónomos. (BOC de 27.05.2015).

**Castilla-La Mancha**

